



INSTITUTO GALEGO DE
ESTADÍSTICA

INFORME SOBRE AFILIACIÓN S Á SEGURIDADE SOCIAL

Afiliación s medias febreiro 2019

Santiago de Compostela, 4 de marzo de 2019

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?>
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

1.- Información xeral

O número medio de afiliacións¹ ao Sistema da Seguridade Social en Galicia no mes de febreiro do ano 2019 acadou a cifra de 997.311 para o total do sistema, o que supón un aumento respecto ao pasado mes de xaneiro de 2019 de 4.941 afiliacións (0,50%). Para o conxunto estatal a cifra de afiliacións sitúase en 18.888.472, rexistrando un aumento do 0,37% con respecto ao pasado mes de xaneiro.

Na comparativa interanual (febreiro de 2019 con febreiro de 2018) obsérvase un incremento de 18.822 afiliacións no total do sistema en Galicia (1,92%), e un incremento do 2,86% (524.958 afiliacións) no conxunto estatal.

Por comunidades autónomas e con respecto ao mes de xaneiro de 2019, rexístrase un aumento das afiliacións en catorce comunidades autónomas, sendo Illes Balears (2,93%) e Murcia (1,02%) as que presentan maior crecemento. Pola contra, presentan decrecemento nas súas taxas intermensuais Castilla La Mancha (-0,34%), Andalucía (-0,13%) e Cantabria (-0,05%). En canto ás taxas con respecto ao mesmo mes do ano anterior todas as comunidades amosan taxas positivas. Os maiores incrementos rexístranse en: Castilla La Mancha, Madrid, Comunitat Valenciana, Murcia e Andalucía (todas elas con taxas superiores ao 3,0%). En senso contrario, os menores crecementos rexístranse en Asturias (1,05%), Castilla y León (1,37%) e País Vasco (1,81%).


Quadro 1.- EVOLUCIÓN DAS AFILIACIÓNS POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS

CCAA	AFILIACIÓN MEDIA FEBREIRO 2019	VARIACIÓN			
		MES ANTERIOR		INTERANUAL	
		ABSOLUTA	RELATIVA	ABSOLUTA	RELATIVA
España	18.888.472	69.172	0,37	524.958	2,86
Galicia	997.311	4.941	0,50	18.822	1,92
Andalucía	3.083.559	-3.979	-0,13	90.362	3,02
Aragón	564.800	2.636	0,47	12.025	2,18
Asturias	359.785	521	0,15	3.733	1,05
Illes Balears	433.776	12.351	2,93	10.316	2,44
Canarias	803.894	988	0,12	20.229	2,58
Cantabria	211.370	-112	-0,05	3.921	1,89
Castilla La Mancha	698.703	-2.370	-0,34	26.895	4,00
Castilla y León	905.711	2.804	0,31	12.200	1,37
Cataluña	3.385.406	23.247	0,69	93.497	2,84
Comunitat Valenciana	1.875.967	2.274	0,12	60.993	3,36
Extremadura	387.976	1.028	0,27	7.483	1,97
Madrid	3.192.055	14.646	0,46	117.108	3,81
Murcia	574.976	5.826	1,02	16.877	3,02
Navarra	281.752	1.619	0,58	7.879	2,88
País Vasco	955.798	2.274	0,24	16.951	1,81
La Rioja	128.217	456	0,36	2.962	2,36
Ceuta e Melilla	47.416	22	0,05	2.704	6,05

Fonte: Ministerio de Trabajo, Migraciones y Seguridad Social

1

O Ministerio de Trabajo, Migraciones y Seguridad Social dende o informe de xaneiro de 2008 tan só publica os datos de afiliación media do mes por considerala máis estable que a cifra do último día do mes e reflectir mellor como foi a afiliación no conxunto do mes.



2.- Datos de afiliacións por provincias

O número medio de afiliacións á Seguridade Social aumentou con respecto ao mesmo mes do ano pasado en todas as provincias galegas, agás en Ourense. Pontevedra é a provincia que presenta o maior incremento interanual nas afiliacións cunha taxa de variación do 2,55%, o que supón 8.645 afiliacións máis, seguida de A Coruña (2,08%) e Lugo (1,29%). Ourense é a única provincia onde descendieron as afiliacións, 93 menos que en febreiro de 2018, cunha taxa interanual do -0,09%.

No que respecta ás afiliacións medias deste mes de febreiro con respecto ás do mes de xaneiro de 2019, rexistrouse en Galicia un aumento do 0,50%. Todas as provincias amosan datos positivos, producíndose o maior aumento en A Coruña (0,61%).

Cadro 2.- EVOLUCIÓN DAS AFILIACIÓNS Á SEGURIDADE SOCIAL. GALICIA E PROVINCIAS

PROVINCIA	AFILIACIÓN MEDIA FEBREIRO 2019	VARIACIÓN			
		MES ANTERIOR		INTERANUAL	
		ABSOLUTA	RELATIVA	ABSOLUTA	RELATIVA
A CORUÑA	428.387	2.578	0,61	8.737	2,08
LUGO	120.696	120	0,10	1.533	1,29
OURENSE	101.132	286	0,28	-93	-0,09
PONTEVEDRA	347.096	1.957	0,57	8.645	2,55
GALICIA	997.311	4.941	0,50	18.822	1,92
ESPAÑA	18.888.472	69.172	0,37	524.958	2,86


Fonte: Ministerio de Trabajo, Migraciones y Seguridad Social

3.- Información segundo réxime de afiliación

As afiliacións ao réxime xeral, que representan o 76,9% das afiliacións galegas en febreiro de 2019, medraron un 0,61% con respecto ao mes anterior. Na comparativa interanual obsérvase un incremento do 2,85%. En España estas taxas foron do 0,40% con respecto a xaneiro de 2019 e do 3,28% en relación ao mes de febreiro de 2018. Por provincias, Lugo é a que presenta unha porcentaxe menor de afiliacións ao réxime xeral (70,5%).

Nas afiliacións ao réxime especial de autónomos todas as provincias galegas amosan taxas de crecemento interanuais negativas. O descenso medio da comunidade galega situouse no -1,25%. Para este réxime e con respecto ao mes de xaneiro de 2019, A Coruña e Pontevedra rexistran taxas positivas e Lugo e Ourense negativas; resultando para o conxunto de Galicia unha taxa do -0,02%. As taxas nacionais para este réxime presentan unha variación positiva con respecto a xaneiro de 2019 (0,16%) e unha variación interanual positiva con respecto a febreiro de 2018 (0,93%).

No que respecta ao réxime especial do mar, con respecto a febreiro de 2018 Lugo é a única provincia con taxa negativa (-1,40%) mentres que o maior aumento rexístrase en A Coruña (0,78%). A taxa galega é do 0,44%, inferior á de España (2,21%). No caso das taxas intermensuais (con respecto a xaneiro de 2019), Lugo é a única cunha taxa decrecente (-2,37%) e A Coruña a que máis medra (4,50%), polo que a taxa galega amosa un aumento do 1,59% con respecto a xaneiro de 2019. A taxa nacional é do 2,02%.




Fonte: Ministerio de Trabajo, Migraciones y Seguridad Social

Cadro 3.- AFILIACIÓNS POR RÉXIMES E PROVINCIAS

RÉXIME E PROVINCIA	AFILIACIÓN FEBREIRO 2019	VARIACIÓNS RELATIVAS	
		MES ANTERIOR	INTERANUAL
TOTAL SISTEMA			
A CORUÑA	428.387	0,61	2,08
LUGO	120.696	0,10	1,29
OURENSE	101.132	0,28	-0,09
PONTEVEDRA	347.096	0,57	2,55
GALICIA	997.311	0,50	1,92
ESPAÑA	18.888.472	0,37	2,86
R. XERAL			
A CORUÑA	337.113	0,69	2,88
LUGO	85.037	0,28	2,72
OURENSE	77.228	0,43	1,19
PONTEVEDRA	267.193	0,68	3,33
GALICIA	766.571	0,61	2,85
ESPAÑA	15.584.786	0,40	3,28
R. ESPECIAL AUTÓNOMOS			
A CORUÑA	85.216	0,02	-0,87
LUGO	34.178	-0,23	-2,45
OURENSE	23.904	-0,19	-4,03
PONTEVEDRA	66.579	0,08	-0,06
GALICIA	209.877	-0,02	-1,25
ESPAÑA	3.239.653	0,16	0,93
R. ESPECIAL DO MAR			
A CORUÑA	6.059	4,50	0,78
LUGO	1.481	-2,37	-1,40
OURENSE	0	--	--
PONTEVEDRA	13.325	0,76	0,50
GALICIA	20.865	1,59	0,44
ESPAÑA	62.443	2,02	2,21

Fonte: Ministerio de Trabajo, Migraciones y Seguridad Social

4.- Evolución da afiliación



Fonte: Ministerio de Trabajo, Migraciones y Seguridad Social

Notas metodolóxicas

Traballadores afiliados: a afiliación ao Sistema de Seguridade Social é obrigatoria para todas as persoas incluídas no campo de aplicación da Seguridade Social e única para toda a vida do traballador e para todo o Sistema, sen prexuízo das baixas, altas e demais variacións que con posterioridade á afiliación poidan producirse. É dicir, o traballador afíliase cando comeza a súa vida laboral e dáse de alta nalgún dos réximes do Sistema da Seguridade Social; esta situación denomínase alta inicial; se cesa na súa actividade, será dado de baixa pero seguirá afiliado en situación de baixa laboral, se retoma a actividade, producirase unha alta, denominada alta sucesiva a efectos estatísticos, pero non terá que afiliarse novamente, dado que, como xa se indicou, a afiliación é única para toda a vida do traballador.

A información procede da explotación estatística do ficheiro de afiliación dos traballadores aos distintos Réximes da Seguridade Social, cuxa xestión corresponde á “Tesorería General de la Seguridad Social” e ao “Instituto Social de la Marina”. A explotación é efectuada pola “Gerencia de Informática de la Seguridad Social”.

Neste informe preséntanse datos das afiliacións medias mensuais.

Para máis información:

<http://www.seg-social.es>

<http://www.empleo.gob.es>